



ACADEMIA DE FARMACIA DE GALICIA

III Premio *Julián Francisco Suárez Freire* da Academia de Farmacia de Galicia para Xoves Investigadores patrocinado por COFAÇA e COFARO

A Academia de Farmacia de Galicia, convoca o Premio *Julián Francisco Suárez Freire* para un investigador nado con posterioridade ao 1 de xaneiro de 1981 que teña publicado un traballo orixinal, realizado total o parcialmente nunha institución galega, sobre un tema relacionado co medicamento desde as súas fases temperás de I+D á cadea de distribución.

O traballo tivo que ser publicado no ano 2016, nunha revista científica indexada no *Journal Citation Reports*. No caso de ser realizado en colaboración con outros autores, o solicitante deberá figurar como primeiro asinante.

Cada candidato poderá concorrer cun único traballo.

O premio consistirá nun Diploma acreditativo e unha dotación económica de 3.000 €. Poderase outorgar un diploma de calidade/excelencia a un segundo traballo, que destaque polas súas cualidades.

Non se aceptarán traballos premiados previamente por outras institucións.

A solicitude, na que se farán constar os datos persoais do autor (domicilio, teléfono e correo electrónico), acompañarase dunha fotocopia do DNI ou pasaporte, curriculum vitae resumido do candidato, copia do traballo que se presenta ao premio e un resumo salientando a relevancia da contribución científica, o seu impacto e carácter innovador (máximo 3.000 caracteres). De tratarse de traballos en colaboración, deberase achegar a conformidade por escrito dos coasiantes para concorrer ao premio. A solicitude e documentación completa remitiranse por correo electrónico á dirección "academiadefarmaciadegalicia@gmail.com".

O prazo de presentación de solicitudes finaliza o día 31 de decembro de 2016.

O xurado encargado de examinar os traballos estará constituído por cinco membros, dos que polo menos tres deberán ser Académicos Numerarios e dous propostos polos patrocinadores. Para a adxudicación do premio terase en conta a súa orixinalidade e a súa posible repercusión nos ámbitos científico, sanitario, histórico, económico e social. Se ningún dos traballos presentados acadara o nivel requirido, o xurado poderá declaralo deserto.

Unha vez finalizado o proceso de valoración, o resultado comunicaráselles a tódalas candidaturas presentadas. As decisións do xurado son inapelables.

A entrega do premio efectuarase no acto de Apertura do Curso 2017 da Academia de Farmacia de Galicia.

A Academia poderá requirir do investigador premiado a exposición pública do traballo dentro do seu programa de actividades e non poderá concorrer de novo a posteriores convocatorias deste mesmo premio.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2016

Asdo. Ilmo. Dr. D. Manuel Puga Pereira
Presidente